



## MANIFESTACIÓN DE INTERESE EN POTENCIAIS USOS E PROXECTOS RELACIONADOS CO HIDRÓXENO DE ORIXE RENOVABLE CON APLICACIÓN EN GALICIA

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, entendido como un proxecto de país que orienta a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico, a creación de emprego e a reconstrución sólida, inclusiva e resiliente necesaria trala crise da COVID-19, inclúe, entre os seus catro eixes prioritarios de actuación, a cohesión social e territorial e a transición ecolóxica, que, xunto coa transformación dixital e a igualdade de xénero, enmarcan o deseño do Plan.

Neste marco, a Xunta de Galicia presentou ao Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico e ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo o proxecto **“Polo para a Transformación de Galicia”**, como un proxecto transformador que promoverá o desenvolvemento de catro proxectos tractores e catro proxectos transversais, cos que afrontar catro grandes retos relacionados coa Transición ecolóxica, a Transición xusta, a Transición dixital e a Loita contra o despoboamento e o reto demográfico. Retos aos que se enfrenta España para a súa reactivación económica, a curto e medio prazo, e para a transición cara a unha economía sostible e resiliente a longo prazo.

Un dos proxectos tractores, aliñado coa Estratexia do Hidróxeno da UE e coa Folla de Ruta do Hidróxeno do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, contempla a **producción de hidróxeno renovable** como un dos pilares para a **descarbonización da economía** e o desenvolvemento dunha **cadea de valor eficiente e competitiva** para afrontar os futuros desafíos da transición enerxética.

Para garantir a eficacia do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e para intentar maximizar a contribución de Galicia á consecución dos obxectivos nacionais e internacionais relacionados co hidróxeno de orixe renovable, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia lanza, a través do Instituto Enerxético de Galicia, a presente Convocatoria de **Manifestación de Interese de Proxectos Autonómicos** dirixida tanto a grandes, pequenas e medianas



empresas como a clusters, asociacións e entidades públicas con proxectos ou iniciativas asociadas á **cadea de valor industrial do hidróxeno renovable en Galicia**.

En particular, co fin de maximizar o impacto dos proxectos promovidos, **preténdese identificar ás partes interesadas en desenvolver accións en áreas clave** para o desenvolvemento do sector do hidróxeno renovable en Galicia, tales como:

- **Usos e demandas de hidróxeno renovable**, mediante a identificación de potenciais usuarios ou demandantes finais interesados en incorporar o hidróxeno de orixe renovable ó desenvolvemento das súas actividades (usos industriais, loxísticos, uso como materia prima, etc.).
- **Desenvolvemento tecnolóxico** ou a posible adaptación tecnolóxica de equipos para o seu uso con hidróxeno.
- **Deseño e fabricación** de compoñentes, equipos e sistemas asociados á produción de hidróxeno de orixe renovable: sistemas de xeración de enerxía eléctrica renovable, electrolizadores, sistemas de almacenamento e xestión, compresores, etc.
- **Proxectos** e/ou desenvolvemento de tecnoloxía para produción, transporte, distribución e almacenamento de hidróxeno renovable.
- **Actividades de investigación, desenvolvemento e innovación** asociadas á cadea de valor do hidróxeno renovable.
- **Servizos asociados** á toda a cadea de valor do hidróxeno renovable: I+D+i, deseño, fabricación, construción, produción, transporte, almacenamento, etc.

O **obxectivo desta Manifestación de Interese** é a **definición das liñas estratéxicas de actuación no eido do hidróxeno de orixe renovable en Galicia**, cos seus correspondentes mecanismos de financiamento ou outros mecanismos de apoio, así como dos parámetros técnicos que deben rexer, no seu caso, e a avaliación ou selección das accións para acceder a ditos mecanismos. Así mesmo, permitirá dar visibilidade aos proxectos promovidos por empresas do sector industrial galego e por entidades públicas da Comunidade.



A participación nesta expresión de interese de proxectos autonómicos non será, polo tanto, un criterio previo nin unha condición requerida para o acceso a posible financiamento, axudas ou calquera outro medio de apoio a proxectos que poida convocar a Administración.

Non obstante, contribuirá a proporcionar unha visión máis ampla e plural para que o deseño das liñas de actuación poida ter en conta a diversidade e as características dos posibles proxectos e as súas liñas de acción.

As Manifestacións de Interese deberán presentarse **ata o 18 de xuño de 2021** (inclusive) e deberán enviarse ao Insitituto Enerxético de Galicia ao enderezo de correo electrónico **mdih2galicia.inega@xunta.gal**, completando o modelo do Anexo I e indicando no asunto da mensaxe "Manifestación de interese – Hidróxeno Renovable [*nome da entidade que envía a proposta*]". O modelo pode complementarse cun breve informe ou documentación adicional que procure información relevante cun límite de 3 páxinas. Todas as propostas recibidas se tratarán e se considerarán como confidenciais.